




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Ribeira. Parroquias: San Pedro de Palmeira. Extensión: 1,96km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade na que a diferente composición litolóxica do substrato explica a configuración do relevo. A costa rochosa e profundamente recortada que predomina no sector meridional débese á presenza de materiais graníticos, resistentes á erosión mariña. Pola contra, no sector setentrional, a menor resistencia dos xistos e paragneises determina o inicio da Enseada de Palmeira, nunha área na que dominan os procesos erosivos de orixe mariña. A chaira costeira desta unidade é ampla e de pendentes suaves, observándose desniveis destacables tan só no extremo noroeste, nas vertentes das estribacións da Serra do Barbanza, e nunhas pequenas elevacións de natureza granítica no litoral oriental.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade repártese entre unha granodiorita biotítica con megacristais de Idade tardihercínica no sector sur e xistos e paragneises de Idade precámbrico-silúrica, pertencente ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas nas partes centro-norte e norte –e tamén na Praia de Insuela-. O Cuaternario, ademais das praias, conta con dúas zonas de materiais non adscritos claramente aínda, na desembocadura do Río Azor e en Mondelo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. As precipitacións rexistradas alcanzan máximos acumulados de 1400mm e non adoitan baixar de 1200mm ao ano.

OS SOLOS

A costa de Palmeira presenta chans moi transformados en torno ao núcleo de Palmeira e areosos asociados aos depósitos sedimentarios da praia de Palmeira. No interior dominan os chans tipo cambisol dístico favorecidos polas características topográficas da unidade, onde hai escasos desniveis que perminten a formación de chans cunha certa profundidade.


AS AUGAS

Dúas pequenas concas hidrográficas forman esta unidade. Ao sur a do río Azor, que desemboca na praia do mesmo nome; e ao nordés un pequeno arroio que verte ao mar na praia de Cruces, no extremo oeste da Enseada de Palmeira. Ademais, na esquina nororiental da unidade, a rede hidrográfica orientase cara á conca do arroio Esteirón, aínda que este está fóra desta demarcación. As Augas Costeiras desta unidade son as identificadas como 20160.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence á IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Costa mixta na que dominan as fronteas areosas non dunares. Nas zonas rochosas, como Punta Aguiúcho desenvólvense o 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de refugallo mariños acumulados, que tamén aparece na praia alta dos areais. O río Azor conserva algunha masa de frondosas ripícolas (91E0), ademais de presentarse, nas zonas de cultivo próximas, algúns rodais de frondosas de recolonización, existindo ademais prados hidromorfos. En xeral, a zona suroeste de Palmeira, presenta estas pequenas agrupacións de recolonización con bastante frecuencia.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na franxa litoral aséntase o núcleo de Palmeira que acolle diversos tipos de edificacións, a maioría destinadas ao uso residencial. Ademais das súas praias, na devandita fronte, destaca o seu pequeno porto pesqueiro. Na periferia do núcleo aséntanse unha constelación de edificacións que se sitúan nas marxes das estradas que se ramifican desde o viario principal AC-305. Dita estrada bordea o núcleo de Palmeira diferenciándoo do resto da unidade. Xa que a partir de aquí a densidade dos núcleos vaise extinguindo combinándose con parcelas de uso agrícola e máis ao norte nas cotas máis altas hai masas de bosques de repoboación. Na praia de Insuela, ao sur da unidade sitúanse naves vinculadas coa industria conserveira. Ao sur da zona o curso do río Azor, que desemboca na praia do mesmo nome, e ao noroeste outro pequeno arroio desemboca na praia de Cruces.

MORFOLOXÍA

O núcleo de identidade litoral de Palmeira ofrece unha morfotipoloxía que responde a unha orde pouca lexible entre as edificacións tradicionais e as novas construcións de maior volume e altura. Na periferia do núcleo e pola rede viaria aparecen casas de pequenas explotacións agrícolas tradicionais mesturadas coas novas construcións de baixo e planta pero que non responden á morfotipoloxía tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria vertebrase desde a estrada AC-305 da que parten outros viarios que relacionan os pequenos núcleos periféricos. Hai outros viarios que transcurren transversalmente ao litoral facilitando o acceso a numerosos areais da franxa costeira. O porto pesqueiro de Palmeira ten embarcacións de pequena eslora.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No núcleo urbano de Palmeira numerosas edificacións de vivendas confirenlle un carácter de aldea tradicional mariñeira, destaca a Igrexa de San Pedro como representación da arquitectura relixiosa. No propio porto están os restos do Castelo de Palmeira, incluído entre os Bens de interese cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade de relevo moi suave na que destaca o núcleo urbano de Palmeira. O devandito núcleo desenvólvese segundo unha orde non lexible que propiciou un complexo de edificacións tanto tradicionais propias dun pobo mariñeiro, como de recente construción de varias plantas e vivendas destinadas a segunda residencia, debido ao interés turístico da zona e ás praias que percorren o litoral. A estrada AC-305 atravesa o núcleo e colaborou ao seu desenvolvemento para vertebralo coa estrutura socioeconómica da comarca, apoiada no sector turístico e marítimo pesqueiro, pero sobre todo no cultivo do mexillón. O resto da unidade estrutúrase cun marcado carácter rural aínda que claramente influenciada por un núcleo que se expande.

DINÁMICA DA PAISAXE

Obsérvase un crecemento notable do núcleo de Palmeira que perdeu gran parte do seu carácter tradicional e a expansión de asentamentos que tamén perderon o vínculo co uso agrícola propio do parcelario existente. O crecemento do armazón viario favoreceu asentamentos espontáneos nas marxes das estradas que se ramifican desde o núcleo de Palmeira.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Atopámonos cunha chaira na que un núcleo de tradición mariñeira desenvolveuse pola mellora da rede de comunicacións e pola súa situación estratéxica respecto doutras poboacións da comarca do Barbanza. Alén da estrada que comunica este núcleo a unidade conserva a súa capacidade de carga en canto á escasa transformación da paisaxe rural, xa que os asentamentos intégranse ben co parcelario existente. Nesta unidade destaca Palmeira como núcleo de identidade do litoral. O porto, a Igrexa de San Pedro e algunhas vivendas achegan as doses de singularidade e tradición marítimo pesqueira que transmite este enclave. No propio porto de están os restos do Castelo de Palmeira. Escolleuse o peirao no porto de Palmeira como punto de observación xa que ofrece unha visión integrada do conxunto que conforman o propio núcleo e a súa identidade vencellada ao porto, así como o fondo escénico formado polas parcelas agrícolas e as masas de bosques de repoboación.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



